

A Santa Compañía do Freixo

Un día á tardiña un home volvía da feira das Pontes polo Camiño dos Arrieiros e fíxoselle de noite no Freixo. Viu entón na escuridade unhas luces que ían cara a el. O home arrepiado, deuse conta de que aquelas luces eran a Santa Compañía, que logo chegaron canda el e collérono obrigándoo a ir con elas. Por máis que se quería resistir, o home non podía evitar acompañar aos defuntos que xa se achegaban ao río Sor. Daquela o paisano lembrouse de que no peto levaba unha moeda. Era unha moeda de cobre que levaba nunha das súas caras unha cruz. Sacouna e ensinoulla ás ánimas, que o cebaron e fuxiron desaparecendo no escuro da noite.

Lugar da lenda: O Freixo, concello de As Pontes de García Rodríguez (A Coruña)
[Achega de Xosé María Ferro Formoso, As Pontes (A Coruña). Marzo de 2018]



“Exemplo Lenda produto final”, do proxecto *cREAgal*, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)

A Santa Compañía do Freixo (*Lectura facilitada*)

Un home volvía da feira.
Viña polo Camiño dos Arrieiros.

Fíxoselle de noite no Freixo.
De repente, viu unhas luces.
As luces viñan cara a el.

O home tivo moito medo.
Deuse conta de que era a Santa Compañía.

As ánimas collérono.
Obrigárono a camiñar con elas.

O home non podía resistirse.
Tiña que seguir andando cos defuntos.

Chegaron preto do río Sor.
O home acordouse de que levaba algo no peto.
Era unha moeda de cobre.
Nun lado tiña unha cruz.

Sacou a moeda e ensinoulle a cruz ás ánimas.
A Santa Compañía soltouno.
Marcharon cara a escuridade.

O home quedou libre.



“Exemplo Lenda produto final”, do proxecto cREAgal, publícase coa [Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0](#)